

# *O libro negro da lingua galega*

Carlos Callón





14 DE AGOSTO

# 1936: PROHÍBENLLE A ALEXANDRE BÓVEDA FALAR EN GALEGO NO "XUÍZO" EN QUE O CONDENARON A MORTE

O dirixente nacionalista galego Alexandre Bóveda foi sometido neste día a un xuízo sumarísimo, polo que sería fusilado no 17 de agosto.

O presidente do tribunal impúxolle dúas condicións ao acusado para que puidese intervir nun alegato final: que fose dun máximo de dez minutos e que só puidese ser "en el idioma glorioso de los buenos españoles, que es el español" e non no "dialecto gallego".

Bóveda limitárase a usar 5 minutos, nos cales aproveitará para replicar que o galego é un idioma "y no dialecto, como aquí se ha dicho, tan reiterada como equivocadamente" e par lembrar que o galego é "el idioma que he hablado siempre".

Viva Alexandre Bóveda! ❤️👊

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



# 21 DE SETEMBRO DE 1936: O GOLPISTA MAS DEL RIVERO APRÓPIASE DE MATERIAL DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

O Seminario de Estudos Galegos foi unha das principais institucións culturais da historia da Galiza. Caracterizouse polo dinamismo e supuxo un enorme impulso ao emprego do galego. Posuía máis de 5.000 libros e folletos e unha ampla colección de arte contemporánea. Os golpistas acabaron por suprimilo, tras ocupáreno pola forza e roubaren parte dos fondos.

No día 21 de setembro de 1936, o militar golpista e delegado gubernativo Mas del Rivero, a quen se atribuíu o asasinato de membros do Seminario, visitou a institución e apropiouse de material.

\*Info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.

**DESDE AGOSTO DE  
1936:  
PROFANACIÓN DA  
LÁPIDA DE ALEXANDRE  
BÓVEDA**

Na noite antes do seu fusilamento, Alexandre Bóveda debuxou como quería que fose a súa lápida, cun deseño caracterizado pola sinxeleza. É tan simple que parece que o fixo só para tentar ser enterrado co nome en galego e non co oficial (nese tempo, non estaba permitido galeguizar os nomes no rexistro).

Algúns vándalos non identificados foron sobreescribir un J por riba do X do seu nome. Pouco despois do asasinato foi a primeira vez de varias. A pesar dos coidados e repintados ao longo dos anos, aínda hoxe se poden ver as marcas.

Non é difícil imaxinar a dor e o temor producidos, por accións coma esa, na viúva e nos seres queridos do asasinado.

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



20 DE AGOSTO DE  
1936:

**ASASINAN RAFAEL  
FERNÁNDEZ CASAS E  
QUEIMAN A SÚA  
BIBLIOTECA.**

**É O PRIMEIRO MESTRE  
QUE COÑECEMOS QUE  
DEU AULAS  
CONTINUADAS EN  
GALEGO.**

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.





16 DE AGOSTO

1936:

## QUEIMA DE LIBROS EN FERROL

Nos primeiros tempos do franquismo houbo fogueiras de libros por toda a Galiza, seguindo o berro: "Destruye y quema".

En Ferrol arderon libros publicamente en diferebtes prazas e días. Unha das labaradas de que informan os xornais do momento aconteceu no 16 de agosto: "En la plaza de Armas fueron quemados en la noche (...) libros pornográficos y de ideas extremistas, que habían sido recogidos por la policía."

Non sabemos con exactitude cantos libros ou documentos en galego desapareceron neses momentos de barbarie. Calquera escrito nesta lingua alén dos lindes da diglosia tornábase en "extremista", "propaganda antiespañola" ou "literatura disolvente".

+Info:

O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.

19 DE AGOSTO DE

## 1936: PUBLICASE UNHA NOTICIA A CELEBRAR AS QUEIMAS DE LIBROS NA CORUÑA

Non sabemos cantos libros en galego pereceron nas lapas en 1936, mais si sabemos que o feito de estaren escritos neste idioma xa os convertía en "propaganda antiespañola", como indica a noticia publicada o 19 de agosto, en primeira páxina, no xornal El Ideal Gallego. A nova ía acompañada por unha fotografía dunha das queimas na Coruña:

### "UN AUTO DE FE

A orillas del mar, para que el mar se lleve los restos de tanta podredumbre y de tanta miseria, la Falange está quemando montones de libros y folletos de criminal propaganda comunista y antiespañola y de repugnante literatura pornográfica."

\*info:

O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.

restos de tanta pod  
de criminal p  
pornog

28 NOVIEMBRE DE  
1937:

# "LUCHAR CONTRA EL DIALECTO ES LUCHAR CONTRA LA MALA EDUCACIÓN"

Doutrina do franquista Luis Antonio  
de Vega:

"Lo que irrita es el dialecto, la  
germanía, la jerigonza, los que  
quisiéramos raer de todas las  
gargantas españolas, porque no  
somos una colección semidispersa  
de tribus desarticuladas, sino una  
nación (...). Luchar contra el dialecto,  
cuando hablan en nuestra  
presencia uno de ellos es, desde  
todos los puntos de vista, luchar  
contra la mala educación. (...)

Ni faltas de respeto ni educación  
mediocre. Idioma uno en la España  
una."

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.

barbaro

que Vd. hable  
castellano. Es

INA Y NUESTRO  
TINO

A ESPAÑA





**XANEIRO DE  
1937:**

O máximo responsábel nesa  
altura da represión educativa e  
cultural franquista na Galiza,  
Felipe Gil Casares, envía a  
seguinte circular:

«La Escuela nacional  
debe ser netamente  
española, con el  
españolismo nuevo  
que alienta en las  
horas de lucha y  
sacrificio de los  
actuales momentos».

+info:

O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.

DEPURADORA DEL  
AL DEL MAGISTERIO  
PONTEVEDRA

IEGO DE CARGOS, qu  
ro del Grado Profesio

se le sigue.

CA

lito en el Partido Gallegu  
s afecto a las izquierdas

de ideología separatista

En una solicitud que suscr  
Xaime Ila Couto y la term  
ser una estrella (de cinc  
Normal en sesión de 8 de s  
correspondiente.

habrá

3 DE AGOSTO  
1938:

## ACUSADO DE ASINAR CO NOME EN GALEGO

A Comisión Depuradora del Personal del  
Magisterio de Pontevedra tramita nesta  
data os cargos que lle imputa a Xaime  
Illa Couto. No punto 4º da acusación  
lemos:

"En una solicitud que  
suscribió con sus alumnos  
su firma decía Xaime."

Xaime Illa Couto foi depurado como  
profesor polo golpe de Estado  
franquista.

+info:

O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



**SETEMBRO  
1939:  
A REAL ACADEMIA  
ESPAÑOLA ENVÍA O  
SEU "ELOGIO"  
ENTUSIASTA AOS  
VENCEDORES DA  
GUERRA CIVIL POR  
ACTUAREN "EN  
DEFENSA DEL  
SEÑORÍO DE LA  
LENGUA ESPAÑOLA"**

Os golpistas asasinaron e torturaron,  
queimaron libros e revistas (destruíron  
centos de bibliotecas completas),  
clausuraron e abafaron institucións  
culturais, desterraron e obrigaron ao  
exilio, encadearon, prohibiron, censuraron,  
perseguiaron, tentaron eliminar toda a  
memoria do pasado e calquera  
posibilidade dun futuro...

(Na imaxe, Cintia Rei, ao pé do piñeiro en que foi fusilado o  
seu fillo, Víctor Casas. A fotógrafa foi Amalia Álvarez,  
viúva de Alexandre Bóveda, a quen asasinaron tamén no  
mesmo lugar uns meses antes. Coñecemos a imaxe  
grazas a Víctor Casas, fillo).

+info:  
**O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,**  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



20 OUTUBRO DE  
**1940:  
PROHÍBESE O GALEGO  
NO CINEMA**

Publicanse unhas normas sobre  
censura de guións cinematográficos  
que estipulan no seu punto 2º:


"Todas las películas deberán  
estar dialogadas en castellano,  
prescindiéndose, en absoluto,  
de los dialectos. En todo caso se  
admitirá una pronunciación  
dialectal en los personajes  
simplemente episódicos".

En abril do ano seguinte ratificarán:

"Queda prohibida la  
proyección cinematográfica  
en otro idioma que no sea el  
español".

+Info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.





13 DE DECEMBRO DE  
**1942:**  
**FRANCO, NOMEADO**  
**PRESIDENTE HONORARIO**  
**DA REAL ACADEMIA**  
**"GALLEGA"**

Como consecuencia do golpe de Estado, a Academia perdeu 18 dos seus membros, que foron substituídos por homes leais á ditadura; algúns, mesmo moi significados polas súas campañas contra o idioma natural da Galiza.

O galego, prohibido gobernativamente nos actos da institución que tivesen público, non sería lingua de uso na Academia Galega até 1963...

+info:

O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



15 DE XANEIRO DE  
**1945:**  
**"TERMINANTEMENTE  
PROHIBIDO" QUE OS  
GRANDES BARCOS TEÑAN  
NOME EN GALEGO**

"En relación a los nombres que los  
buques mercantes españoles  
deben llevar, este Ministerio ha  
tenido a bien disponer: que para lo  
sucesivo **queda terminantemente  
prohibida toda designación de  
buques que no esté escrita en  
castellano**, que es el idioma oficial,  
símbolo de la unidad de la nación".

A empresa Pescanova foi obrigada  
a mudar os nomes de grandes  
barcos conxeladores, como o  
Soutomaior.

+Info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



**11 DE NOVEMBRO DE  
1949:  
AGRESIVIDADE  
FRANQUISTA POR UN  
DISCURSO EN GALEGO**

Ramón Otero Pedrayo atreveuse a falar en galego durante a inauguración en Ourense da estatua a Valentín Lamas Carvajal, prolífico escritor e xornalista neste idioma no século XIX. Foi probabelmente a primeira vez que se realizou na Galiza após o golpe do 36 un discurso na fala natural do país.

O gobernador civil, molesto pola ousadía, ordenou ao director da banda de música interpretar o "Cara al sol". As autoridades da ditadura comezaron a realizar o saúdo fascista e a gritar consignas.

Para o evitaren no futuro, a RAG recibiu ordes antes dos actos para que non houbese intervencións en galego.

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



8 DE DECEMBRO DE  
1949:


Dámaso Alonso, membro e  
futuro director da Real  
Academia Española:

"Tendrán que saber que el  
gallego es hoy **una lengua por  
un lado rural y por otro  
poética, y nada más**; que para  
escribir ciencia o filosofía los  
gallegos tendrán que escribir  
en castellano (que lo hacen  
espléndidamente). (...)

Lo demás es charanga, juegos  
florales y señoritas ataviadas  
con trajes típicos de la región".

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.





**12 DE NOVEMBRO DE  
1949:  
PRESENTÁSE UNHA  
DENUNCIA NA UNESCO PARA  
RECLAMAR QUE SE DEIXE  
DE PERSEGUIR O GALEGO**

Os militantes nacionalistas Antón Crestar e Manuel Meilán distribúen entre as delegacións internacionais participantes na VIII Conferencia da UNESCO a "Denuncia diante a UNESCO da persecución do idioma galego polo Estado Hespáñol". Estaba asinada por seis centros galegos na emigración e apoiada polo Centro Galego de Buenos Aires.

O acto doeu nos xerarcas da ditadura, pois enumerábanse varios casos concretos de represión xusto na primeira participación dunha delegación española nun encontro mundial da UNESCO.

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.




**8 DE XANEIRO  
1950 :  
CONSIGNAS DA  
CENSURA SOBRE A  
MORTE DE CASTELAO  
(QUE LEVARÁN A  
PROHIBIR UNHA  
PUBLICACIÓN  
SEMANAL)**

O líder nacionalista galego, o grande activista da lingua galega, o home que dicía que escribiu e debuxou sempre en galego, faleceu de cancro no 7 de xaneiro de 1950 en Buenos Aires. Ao día seguinte, a Dirección General de Prensa enviou unhas directrices para evitar que tal acontecemento puidese ter a repercusión que lle correspondería nos medios.

O suplemento dos sábados do xornal compostelán "La Noche" incumpríu as normas e xa nunca máis se permitiu a súa saída.

+info:

O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



**22 OUTUBRO DE  
1951:**

O director dunha revista  
literaria escribelle a Manuel  
María, na altura un poeta  
novo:

**"No lo haga  
en gallego,  
por Dios. No  
se me humille  
sin motivo".**

+Info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.

**SETEMBRO DE  
1951:  
ORDE PARA QUE OS  
XORNAIS NON  
PUBLIQUEN NADA EN  
GALEGO**

O Director General de Prensa  
comunica aos directores dos  
oito xornais que se editan na  
Galiza que non poden publicar  
ningún texto en galego en  
ningún formato: artigo de  
opinión, noticia, reportaxe etc.

Esta prohibición denunciárase  
perante a UNESCO en 1954.

+Info:  
O LIBRO NEGRO DA  
LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



Academia



30 DE DECEMBRO  
1951:

## A DITADURA PROHIBE O GALEGO NOUTRO EVENTO DA REAL ACADEMIA GALEGA

José Solís, gobernador civil e futuro ministro franquista, ordenou que non se usase o galego no acto no Casino de Vigo para a recepción do arquitecto Manuel Gómez Román como membro da Real Academia Galega (nesta altura, "Gallega").

O encargado de proferir a resposta institucional era Ramón Otero Pedrayo. Sabemos que ambos os discursos foran preparados en galego, polo que tiveron que ser traducidos no momento.

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.

16 DE SETEMBRO DE  
**1951:**  
**PROHIBIDO QUE**  
**A REAL ACADEMIA**  
**GALEGA USE O GALEGO**

Nese día, a Real Academia Galega realizou dous actos: o ingreso de novos membros numerarios e unha homenaxe a Curros. En todos eles se prohibiu o uso da fala do país, polo que as persoas que levaban os discursos nesta lingua tiveron que traducilos no momento.

Situacións semellantes aconteceron en varias ocasións ao longo da ditadura franquista.

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



**23 DE XANEIRO  
1956:**

Féchase o espazo  
en galego na BBC,  
por presións da  
embaixada  
española. A última  
emisión foi ao vivo  
desde Vigo.

+info:

O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



**OUTUBRO DE  
1962:  
OBRIGAN A  
CASTELANIZAR O NOME  
DUN DOS BUQUES DE  
PESCANOVA**

Dentro da serie de primeiros barcos conxeladores do mundo, botouse o "Soutomaior", de Pescanova. Nos nomes das embarcacións estaba a pegada directa de Valentín Paz-Andrade.

A ditadura obrigou a que castelanizasen o nome. A nova denominación foi o híbrido "Soutomayor". Unha norma de 1945 sinalaba que estaba "terminantemente prohibida toda designación de buques que no esté escrita en castellano".

+Info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



# RIA

9 DE SETEMBRO

**1963:  
APÓS 11 ANOS DE  
CENSURA ABSOLUTA,  
A REVISTA GRIAL  
SAE DE NOVO Á RUA**

En contra da proletarización  
**NOGUEIRA: El arte comprometido**  
**ENZANA: Iglesia Alvaríño: poeta e**

**D: Arte nova**  
**O idioma galego, na nosa vida**  
**e na nosa cultura**

**LO CALERO: Farsa das zocas.**

**A-SABELL: Dous comentarios**

**N. GONZÁLEZ-PARDO: Discurso no "Dí**  
**Galegas".**

Os cadernos "Grial", que se publicaron por vez primeira en 1951 con algúns artigos en galego, foron prohibidos cando estaba a distribuírse o cuarto número, en 1952.

A revista puido voltar desde 1963, mais con limitacións e barreiras frecuentes. Por exemplo, indicouse que se antes do 9 de setembro dese ano non conseguían editar o novo exemplar a licenza de edición ficaría cancelada automaticamente.

As publicacións culturais en castelán tiñan que superar a censura provincial, mais "Grial" foi obrigada a pasala en Madrid, o cal tamén aumentaba a autocensura.

Grial só sairá monolingüe en galego após a morte do ditador. Tras o golpe de Estado, a primeira revista totalmente en galego foi o boletín "Terra e Tempo" da UPG.

+info:  
**O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,**  
Carlos Callón, Xerais, 2022.

AL GALEGO

CO  
DOS SACRAMENTOS

E MÁIS UNHA  
DAS PRINCIPÁIS ORACIÓN  
DO FIEL CRISTIÁN



7 DE AGOSTO

1963:

**A IGREXA DEMORA  
6 ANOS EN  
AUTORIZAR UN  
MISAL EN GALEGO  
(E, CANDO O FAI,  
XA NON SERVE)**

En setembro de 1957 entregouse á Igrexa o misal traducido ao galego, mais esta tardou 6 anos en tramitar a autorización.

Cando o aprobou, as recentes modificacións litúrxicas do Concilio Vaticano II supuñan que o misal xa non estaba actualizado.

Os grupos galeguizadores da Igrexa, para evitar que lles tornase a acontecer o mesmo, publicaron o Misal aggiornato en galego antes de recibiren a autorización eclesiástica. Pedíronlle á xerarquía que dese o visto e praxe ao que xa estaban a utilizar.

+info:


O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



**20 DE DECEMBRO DE  
1964:**

A Igrexa Católica  
decide que o castelán  
é a "lengua vernácula"  
da Galiza. O galego  
non é recoñecido  
como idioma para dar  
a misa, como o serían  
castelán, catalán e  
vasco, a raíz do  
Concilio Vaticano II.

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



**NOVIEMBRE DE  
1965:  
OPOSICIÓN DAS  
AUTORIDADES A UN  
CASAMENTO EN GALEGO  
EN VIGO**

O xornalismo galego no exilio americano denunciou o caso dunha parella que finalmente puido unirse en matrimonio en galego a pesar dos serios impedimentos que colocaban as autoridades. Aconteceu na igrexa de Santiago de Vigo.

Uns meses antes, Ascensión Montoto e Carlos Herrera Álvarez tamén se encontraron coa prohibición para casaren en galego na mesma cidade, no seu caso no Hospital Municipal.

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.






**13 DE OUTUBRO DE  
1965:  
COMEZA A ENSINARSE  
GALEGO NA  
UNIVERSIDADE,  
PRECARIAMENTE E SÓ  
COMO MATERIA  
OPTATIVA NO  
PENÚLTIMO CURSO DE  
FILOLOXÍA ROMÁNICA**

O profesor Ricardo Carvalho Calero deu aulas por vez primeira de forma oficial da materia de Galego na universidade galega. Era unha optativa no 4º curso de Filoloxía Románica, con dúas horas semanais. Previase que fose obrigatoria en 5º, con tres horas. (O galego continuaba vetado en todo o resto do sistema educativo, como materia ou como vehículo).

O decano da facultade recoñecía que as condicións económicas para o profesor eran de "vergoña".

A Cátedra de Galego-portugués non chegaría até sete anos despois, tras innúmeras dificultades e dilacións.

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



**27 NOVEMBRO DE  
1966:  
COMEZA A PRIMEIRA  
MISA SEMANAL EN  
GALEGO**

A Coruña acolleu a que foi a primeira misa autorizada en galego de forma continuada, mais só con "carácter experimental". Os padres que a oficiaban, con grande acollida, eran Manuel Espiña e Xosé Morente.

Un par de policíaas costumaban asistir tamén, por se se daban motivos para suspender tal ousadía.

A Radio Juventud ofreceuse a retransmitir a cerimonia. Manuel Fraga Iribarne en persoa impediuno, co argumento de que non había lexislación que o permitise.

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



18 DE DECEMBRO DE  
1967:

**CENSÚRASE A  
PUBLICACIÓN DUN  
TEXTO EN DEFENSA  
DO GALEGO NA  
IGREXA**

O Ministerio de  
Información y Turismo  
nega a posibilidade da  
impresión do "Escrito  
dos católicos galegos  
á xerarquía  
eclesiástica de Galicia  
sobre a liturxia en  
galego".

+info:

O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.






**15 DE OUTUBRO DE  
1967:  
DENUNCIA DAS  
LIMITACIÓNS SOBRE O  
QUE SE PERMITE  
ESCRIBIR EN GALEGO  
NOS XORNAIS GALEGOS**

Ben-Cho-Shey denuncia na outra banda do Atlántico que quen escribe en galego nos diarios galegos non cobra polos seus artigos e que ademais se encontra con graves obstrucións temáticas:

"Deben limitarse a escribir encol do folklore, sobor da cría dos porcos ou do esgarabello da pataca, pro haberán de evitar o se ocupar do bilingüismo, do emprego da lingua nai no ensino, na liturxia e outras cousas máis ás que, nin de pasada, se pode aludir. Moitas veces temos que morde-la lingua por ver como fican inéditas as nosas coartelas."

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.






**NOVEMBRO DE  
1968:  
ANDRÉS TORRES  
QUEIRUGA, DENUNCIADO  
POR DAR AULAS EN  
GALEGO NO SEMINARIO  
DE SANTIAGO**

Andrés Torres Queiruga xa escoitara varias advertencias ao longo da súa vida por se comprometer coa lingua do país. Após unha carreira académica brillante, con pasaxe por Roma e Comillas, voltou á Galiza e o reitor do seminario espetoulle: "¡Esperábamos mucho de ti ¡y tú vuelves hablando gallego!"

Tras a denuncia, Andrés Torres Queiruga deixará de empregar o galego nalgunhas ocasións como profesor. Vai pasar a usalo sempre.

\*Info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



27 DE SETEMBRO DE  
**1968:  
MONSEÑOR TARANCÓN:  
"EN GALICIA NO SE  
HABLA GALLEGO"**

Após o Concilio Vaticano II aceptáronse como linguas litúrxicas no Estado español o castelán, o catalán e o euskara. Isto provocou unha intensa campaña para conseguir o mesmo recoñecemento para o galego. Os grupos que dinamizan a campaña fan excursións (un xeito de camuflaren as manifestacións, que eran ilegais), publican artigos, entregan millares de instancias, realizan entrevistas con persoas con capacidade de decisión... É neste contexto que manteñen un encontro con monseñor Tarancón, presidente da Comisión Episcopal para a Liturxia e futuro presidente da Conferencia Episcopal Española. A resposta de desprezo fícalles gravada: "En Galicia no se habla gallego".

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.




**OUTUBRO DE  
1968:  
O ARCEBISPO PROHIBE  
A MISA EN GALEGO NUN  
ENCONTRO EN SANTIAGO**

O colexio da Compañía da María de Compostela acolleu unha reunión sacerdotal. O padre Seixas ía celebrar a misa en galego, mais o arcebispo Quiroga Palacios non o permitiu.

Os sacerdotes presentes lembran que houbo momentos de tensión, pois o padre Seixas insistiu en que el só oficiaría se podía ser na lingua da Galiza. No entanto, Quiroga Palacios só acabou por permitir que fosen en galego as monicións, que leu Francisco Lorenzo Mariño.

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.





MANUEL  
MARIA

1 DE SETEMBRO DE  
**1968:**  
**CENSÚRASE O POEMA**  
**DE MANUEL MARÍA QUE**  
**COMEZA: "HAI QUE**  
**DEFENDER O IDIOMA**  
**COMO SEXA"**

Manuel María presentara á censura o libro "Canciões do lusco ó fusco". No 1º de setembro emiten o relatorio que indica que a publicación será permitida se se eliminar o hoxe coñecido poema en defensa da lingua galega que leva por título "Canción para cantar todos os días".

O libro editouse, dous anos máis tarde, sen os versos prohibidos. Curiosamente, ese poema si aparece nas traducións que se fixeron da obra a partir de 1972 ao bretón, ao francés e ao neerlandés.

+Info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.





7 XANEIRO DE

# 1969: AUTORIZADO DAR MISA EN GALEGO

Máis de catro anos despois que para castelán, catalán e vasco, chega de Roma a licenza para dar misa en galego. O Ministerio de Asuntos Exteriores franquista escribíralle ao Vaticano que non debería autorizalo, a pesar das numerosas peticións que recibía, pois con iso **"Galicia podría dejar de ser la hija fiel de España"**.

O galego foi, probabelmente, a lingua máis reivindicada do Concilio Vaticano II.

+info:

O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.




DESDE 12 DE SETEMBRO DE

**1970:  
ANDRÉS DO BARRO CONSEGUE  
GRANDES SUCECOS CANTANDO  
EN GALEGO, A PESAR DAS  
MOITAS DIFICULTADES**

O sinxelo "Corpiño xeitoso" ocupa en dúas semanas de setembro de 1970 o número 1 dos 40 Principales. Foi a primeira canción en galego en conseqüilo.

Mais o camiño do recoñecemento non foi nada fácil. Para alén doutros problemas, había emisoras de radio en que se raíaban os discos para así evitaren que alguén emitise as cancións nesta lingua. Ademais, a discográfica de Andrés do Barro tivo que dicir nalgúns ocasións que os temas estaban en portugués e non en galego para así pasar a censura.

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



**NOVEMBRO DE  
1970:  
O BISPO DE OURENSE  
NEGA AOS PÁRROCOS  
QUE POIDAN DAR MISA  
EN GALEGO**

O bispo de Ourense, o burgalés Ángel Temiño, que fora capelán con grao de alférez no exército golpista, mantivo unha postura terrible cara a realidade e a cultura galegas. Ocupou a sé auriense durante 34 anos.

En marzo de 1975, un manifesto asinado por 2.306 persoas solicitou o seu cesamento ou traslado (tamén, pola súa hostilidade co galego). Entre os apoiantes estaban 20 cregos da cidade.

\*Info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



**17 DE DECEMBRO DE  
1972:  
A EDITORIAL GALAXIA  
RECIBE NÚMERO DE  
REXISTRO... 22 ANOS  
DESPOIS DE  
SOLICITALO!**

As editoras en castelán  
tiñan un número de  
rexistro, que lles facilitaba  
os trámites da censura, en  
especial a partir de 1966.  
No entanto, as editoras en  
galego tiveron que pasar  
durante case a totalidade  
do franquismo unha  
censura libro a libro.

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.






26 DE OUTUBRO DE  
**1973:**  
**DESTERRO DE**  
**FRANCISCO RODRÍGUEZ**  
**PARA QUE NON POIDA**  
**"FALAR GALEGO"**

O inspector encargado de instruír  
o expediente contra o profesor  
Francisco Rodríguez, que suporá  
máis tarde o seu desterro:

"Necesita un buen baño de  
humildad y un cambio de  
ambiente. El frío del invierno  
castellano atemperaría su  
fogosidad; por otra parte, **sería  
difícil, en Vitigudino p. ej., "Falar  
galego"**, y encontrar amigos  
dudosos para tratar del  
separatismo del NW. Además, ¡qué  
**ocasión tan espléndida a un  
Profesor gallego de Lengua  
Española, para mejorar su  
dicción!"**

+Info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



**20 DE OUTUBRO DE  
1974:  
PROHIBENLLES CASAR  
EN GALEGO NA POBRA  
DO CARAMIÑAL**

A Marisol e o Xosé Luís quixeron casar en galego e mesmo tiñan un cura disposto: o crego de Aguiño, o inesquecibel Francisco Lorenzo.

No entanto, o párroco titular da parroquia do Xobre negouse totalmente e dixo que se se o outro sacerdote dicía unha palabra en galego interrompería inmediatamente a cerimonia.

Curiosamente, fora tamén un 20 de outubro de poucos anos antes cando a Igrexa autorizou formalmente a liturxia en galego. Xa vemos como se cumpría e como se facilitaba...

+info:

O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



**AGOSTO  
1977:  
IMPÍDENLLES CASAR  
EN GALEGO**

Un casal de militantes galeguistas da comarca de Ferrol convidou o padre Chao Rego para oficiar a súa voda. Porén, a cerimonia non puido realizarse en galego porque o impediu o sacerdote que daba misa normalmente nese templo. Así o denunciou o propio Xosé Chao Rego:

"Non somente foi un matrimonio relixioso, senón que tamén 'In-Civil', porque o señor abade propietario dos dereitos de estola deu o seu permiso ao crego oficiante coa condición de que non fora en galego, cousa que controlou persoalmente namentres araba melodías no órgano."

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



11 DE DECEMBRO DE  
**1979:**  
**"DEBE USTED**  
**ABSTENERSE DE SEGUIR**  
**IMPARTIENDO EN**  
**LENGUA GALLEGA"**

Tres docentes do Instituto de  
Ensino Medio de Lalín  
recibiron unha advertencia  
escrita do director: "Debe  
usted abstenerse de seguir  
impartindo programas en  
lengua galega".

Neses momentos había un  
mínimo de 14 denuncias en  
diferentes puntos da Galiza  
contra profesorado que  
empregaba o idioma propio  
como vehículo do ensino.

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.






**14 DE XANEIRO DE  
1979:  
MULTAS DE  
ATÉ MEDIO  
MILLÓN DE  
PESETAS POR  
GALEGUIZAR  
OS SINAIS  
EN OURENSE**

Caterina Baltar, Xosé Lois González (O Carrabouxo) e Millán Picouto foron as persoas afectadas por esas sancións.

Restauraran as formas galegas dos topónimos nas sinalizacións e tamén mudaran placas como "calle José Antonio" por "rúa do Paseo" e "calle General Franco" por "rúa do Progreso".

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



**XANEIRO DE  
1978:**

O Concello de  
Ourense négase  
a tramitar unha  
instancia do  
partido UPG por  
estar escrita en  
galego.

+info:

O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



SETEMBRO E OUTUBRO  
**1880: "ABORTO  
O GALEGO, "ABORTO  
DE ÉPOCAS DE  
DECADENCIA Y  
BARBARIE"**

Durante un debate nos xornais sobre o futuro do galego, Joaquín de Arévalo (oficial da Mariña española e escritor) comeza unha serie de intervencións públicas para insultar a lingua do país: "vicio", "aborto de épocas de decadencia y barbarie", "escrecencia de la lingüística". Uns anos máis tarde publicará: "El gallego es una degeneración y prostitución del lenguaje".

+info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.



**14 DE SETEMBRO DE  
1980:  
SUSPENDIDOS A DIVINIS  
CATRO SACERDOTES POR  
PARTICIPAREN NA ROMAXE  
DE CRENTES GALEGOS**

A asociación Irimia organizou a Romaxe de Crentes Galegos nos Peares, a pesar de que o Goberno Civil non concedera a licenza e de que o bispo de Ourense, Ángel Temiño, ameazara con represalias para os cregos que participasen.

A Romaxe celebrouse exitosamente e o prelado decidiu suspender "a divinis" catro sacerdotes para o exercicio na súa diocese: Xosé Chao Rego, Ramón Díaz Raña, Bernardo García Cendán e Xosé Manuel Carballo. O primeiro deles replicou con insuperábel sorna: «Nós pensabamos que mentres non nos suspenderan a humanis, non importaba».

A xerarquía eclesiástica tentou impedir con todas as forzas que avanzase o movemento de galeguización da Igrexa.

\*info:  
O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón. Xerais, 2022.





**21 XANEIRO DE  
1980 :  
"REPUDIADOS Y  
SANCIONADOS"  
POR ENSINAR EN  
GALEGO**

O ministro de Educación,  
Otero Novas, durante a  
campaña de ameazas e  
expedientes por dar aulas en  
galego, di que @s docentes  
que se manteñan nesta lingua  
a pesar de que as leis non o  
permitan "tienen una  
mentalidad fascista" e que  
deben ser "repudiados y  
hasta sancionados".

+info:

O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA,  
Carlos Callón, Xerais, 2022.